



ALERTA DA DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR DUN EPISODIO DE FENÓMENOS METEOROLÓXICOS ADVERSOS PARA GALICIA

DATA DE ENVÍO: 20/01/2026

TIPOLOXÍA: COSTEIROS

ESTE AVISO CONSIDÉRASE VÁLIDO ATA A MODIFICACIÓN DO NIVEL DE ALERTA

NIVEL DE ALERTA: LARANXA E VERMELLO (ACTUALIZACIÓN)

A Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET) informa no boletín 16/71GAL emitido ás 09:12 horas do día de hoxe dun fenómeno meteorolóxico adverso de **nivel LARANXA** por COSTEIROS, que está a afectar A TODO O LITORAL de Galicia durante o día de hoxe.

A previsión avanzada eleva a alerta a **NIVEL VERMELLO** para o litoral de A Coruña (Noroeste e Oeste) a partir das 21:00 h de mañán, con mar combinada de 8 a 9 m, ventos do Noroeste de 50 a 61 km (forza 7) e **nivel LARANXA** para o resto do litoral.

Polo que a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior comunícalles que, en previsión destes feitos: ADOPTEN as medidas preventivas necesarias ante as citadas predicións meteorolóxicas e, no seu caso, ALERTEN ou MOBILICEN aos medios e recursos a dispor. Ante calquera emerxencia chame ao 112

No caso de precisar información máis puntual ou desagregada, chame ao Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112 Galicia, ou consulte a páxina web da AEMET: www.aemet.es, do CIAE 112: www.axega112.gal, e de Meteogalicia: www.meteogalicia.es